

RGR/naa

INFORME-PROPOSTA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DA GALA DE TURISMO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS

FEITOS

PRIMEIRO.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Turismo Rías Baixas, desenvolve a promoción dos recursos e infraestruturas turísticas do destino Rías Baixas, a través de competencias tales como:

- Organización e realización de accións encamiñadas a atraer o turismo.
- Realización de accións e xestións que contribúan a mellorar a comunicación da imaxe de marca do destino Rías Baixas.
- Xestión directa ou en colaboración do servizo de información turística.
- Promoción e profesionalización de accións relacionadas co turismo, executando accións concretas.
- Realización e promoción de estudos turísticos.
- Coordinación, co Ministerio competente, a Comunidade Autónoma de Galicia, outras provincias e entidades nacionais e estranxeiras, para o cumprimento das finalidades do servizo.
- Desenvolvemento de proxectos que contribúan á creación de produto turístico, así como á comercialización deste.
- En xeral, cantos asuntos estean relacionados co turismo e sexan de interese para a provincia de Pontevedra baixo a marca-destino Rías Baixas.

SEGUNDO.- O obxectivo principal do servizo de Turismo é a promoción do destino turístico da nosa provincia. A Deputación de Pontevedra conta cun Plan Estratéxico de Turismo con diferentes e moi claros obxectivos para cubrir os retos que se marca o noso destino, como un multideestino, internacional e desestacionalizado.

O Plan Estratéxico de Turismo Rías Baixas é unha ferramenta esencial que actúa como folla de ruta para a mellora da competitividade e posicionamento do destino Rías Baixas. O Plan busca continuar impulsando o turismo, que xa supón o 12 % do PIB de Galicia, con cimentos como o turismo de calidade, sustentable e innovador e principalmente dirixido cara á desestacionalización das actividades turísticas. De aí as oito liñas de actuación que buscan dar a coñecer ás persoas visitantes todas as virtudes e patrimonio que Rías Baixas pode ofrecer máis aló do sol e a praia.

Dentro das liñas estratéxicas do plan, atópase a celebración dunha Gala de Turismo anual. O obxectivo do evento é presentar anualmente a nova campaña de turismo da provincia, dando así resposta ao establecido no citado Plan en relación á promoción e difusión do destino sendo a finalidade a promoción dos recursos turísticos mediante accións dirixidas á desestacionalización e captación de turistas e visitantes de diferentes mercados.

Ademais, á Gala de Turismo estarán convidados alcaldesas e alcaldes de todos os concellos de Pontevedra, así como persoas representantes do sector turístico. Entre elas figuran responsables de todas as entidades que obtiveron o certificado SICTED, cuxo título se entregará durante a Gala. Suman un total de 271, convertendo a Rías Baixas no primeiro destino nacional con maior número deste tipo de certificados.

Neste sentido, e coa finalidade da promoción do destino e a articulación comercial entre os actores do ámbito turístico, faise necesario o desenvolvemento da Gala de Turismo que contribúa ao cumprimento dos obxectivos fixados no citado Plan e cubrir os retos que se marca o destino Rías Baixas como un multidesestino, internacional e desestacionalizado.

TERCEIRO.- O obxecto do presente Prego é regular as condicións técnicas que servirán de base para a adxudicación do servizo de produción da Gala de Turismo para a promoción do destino Rías Baixas. Os traballos comprenden:

- Lote 1: Produción da Gala, que comprende todos os elementos materiais e humanos necesarios para o desenvolvemento da mesma así como todos os derivados do mesmo
- Lote 2: Servizo de catering, comprende o material e persoal necesarios para a realización de dito servizo

A Gala de Turismo realizarase nun espazo que conte polo menos cun aforo de 500 persoas e localizarase nun lugar de referencia dentro da provincia de Pontevedra e celebrarase de tarde-noite cunha duración máxima de dúas horas. O servizo de Turismo Rías Baixas concretará o lugar, data e horario á empresa adxudicataria con suficiente antelación.

CUARTO.- Pola natureza e obxecto do contrato é aconsellable a división en lotes, sendo os seguintes:

- Lote 1: Produción da Gala, que comprende todos os elementos materiais e humanos necesarios para o seu desenvolvemento así como todos os derivados do mesmo
- Lote 2: Servizo de catering, comprende o material e persoal necesarios para a realización de dito servizo

QUINTO.- O servizo de Turismo non conta cos medios técnicos e humanos necesarios para realizar as actuacións para realizar as prestacións obxecto do contrato. Polo que, co obxecto de desenvolver estas actuacións e para o cumprimento dos obxectivos do Plan Estratéxico e das competencias do propio servizo, faise necesario a contratación de empresas especializadas nos traballos a desenvolver obxecto deste contrato.

SEXTO.- O orzamento base de licitación establecido para esta contratación fíxase na cantidade máxima de 47.661,00 € mais o 21% e 10% correspondente ao IVE aplicable, respectivamente, ás cantidades de 39.411,00 € e 8.250,00 € sendo a cantidade total de IVE de 9.101,31 €, que fan un total de 56.762,31 €, que en todo caso incluírá por conta da persoa adxudicataria a totalidade de gastos e tributos obrigatorios e demais custos necesarios sinalados no prego para dar cumprimento ao obxecto do contrato. Ase mesmo, prevese tres prórrogas no contrato polo que o valor estimado do contrato fíxase na cantidade de 190.644,00 €, sen IVE.

A estimación agregada para os dous lotes segundo custos directos e indirectos, o orzamento base de licitación, valor estimado así como as anualidades se indican seguidamente:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN	LOTE 1 e 2
Custes directos (custes salariais e outros custes de aplicación directa ao obxecto do contrato) Indicar no seu caso convenio de aplicación	42.024,60
Gastos xerais (5% dos custes directos)	3.125,78
Beneficio industrial (6% dos custes directos e gastos xerais)	2.510,61
Orzamento base de licitación (sen IVE)	47.661,00
IVE:	9.101,31
21 % de 39.411,00 euros= 8.276,31 euros	8.276,31
10% de 8.250,00 euros= 825,00 euros	825,00
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	56.762,31
VALOR ESTIMADO	
Orzamento base de licitación (sen IVE)	47.661,00
Importe modificacións previstas	
Importe variacións previstas	
Eventuais prórrogas do contrato	142.983,00
VALOR ESTIMADO (sen IVE)	190.644,00

LOTE 1 e 2	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Orzamento base de licitación (sen IVE)	47.661,00	47.661,00	47.661,00	47.661,00	190.644,00
IVE:	9.101,31	9.101,31	9.101,31	9.101,31	36.405,24
IVE: 21 % de 39.411,00 euros= 8.276,31 euros	8.276,31	8.276,31	8.276,31	8.276,31	33.105,24
IVE: 10% de 8.250,00 euros= 825,00 euros	825,00	825,00	825,00	825,00	3.300,00
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	56.762,31	56.762,31	56.762,31	56.762,31	227.049,24

LOTE 1+2	Contrato principal (1 ano)	Prórrogas (3 anos)	TOTAL
Orzamento base de licitación (sen IVE)	47.661,00	142.983,00	190.644,00
IVE:	9.101,31	27.303,93	36.405,24
IVE: 21 % de 39.411,00 euros=8.276,31 euros	8.276,31	24.828,93	33.105,24
IVE: 10% de 8.250,00 euros= 825,00 euros	825,00	2.475,00	3.300,00
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	56.762,31	170.286,93	227.049,24

SÉTIMO.- A estimación para o Lote 1 calculouse a tanto alzado en base a prezos de mercado en función de licitacións anteriores de similares características, desagregado en termos unitarios o mesmo xa que o servizo prestarase segundo necesidades. As prestacións incluídas no obxecto do contrato están vinculadas principalmente coa produción da Gala de Turismo asumindo todos os traballos tanto previos como durante o desenvolvemento do mesmo. Si ben se contemplan custos de salarios de persoas para a súa execución derivadas en xeral coas labores de apoio loxístico e técnico durante a súa celebración, segundo salarios establecidos no convenio colectivo de aplicación (Convenio colectivo autonómico de eventos, servizos e producións culturais de Galicia). No obstante, a desagregación en custos directos e indirectos estimado o seguinte:

Concepto	Porcentaxe estimada	Contrato principal (1 ano)	Prórrogas (3 anos)	TOTAL
<i>Consumos e outros custos directos</i>	81,54	32.440,25	97.320,75	129.761,01
<i>Custo de persoal</i>	7,46	2.969,45	8.908,36	11.877,81
Custos Directos	89,00	35.409,70	106.229,11	141.638,81
Gastos xerais	5,00	1.770,49	5.311,46	7.081,94
Beneficio industrial	6,00	2.230,81	6.692,43	8.923,25
Orzamento Base de licitación (sen IVE)		39.411,00	118.233,00	157.644,00
IVE (10%)		8.276,31	24.828,93	33.105,24
Orzamento Base de licitación (con IVE)		47.687,31	143.061,93	190.749,24

En aplicación as estimacións realizadas, o orzamento base de licitación estimado detallando as unidades e prezos unitarios, son as seguintes:

Concepto	Unidades	Prezo unitario	TOTAL
COORDINACIÓN E XESTIÓN	1	3.605,00	3.605,00
ESCENARIO			
Escaleira 1 m. de ancho	3	60	180,00
Módulo de tarima 2x1 con patas regulables en altura (20,40 60 100 CM)	25	30	750,00
Tarima de escenario modular m2	25	24	600,00
Moqueta feiral M2	100	6	600,00
Rampla 1,25x3,6 m	2	180	360,00



Concepto	Unidades	Prezo unitario	TOTAL
MOBILIARIO			
Cadeira branca con funda	500	4	2.000,00
Mesa plegable 183 cm.	7	15	105,00
Sofá tresillo branco	14	30	420,00
Mesa de apoio	2	10	20,00
Pano negro 14 X 8 Molton ignífuga	2	240	480,00
Tela negra 8 x 3 Molton ignífuga	2	60	120,00
Atril metacrilato	1	80	80,00
SONIDO			
Motor elevación polipasto de cadea D8+ 500KG	2	60	120,00
Mesa de control dixital 64CH entrada e 64CH saída, 24 Buses	1	470	470,00
Caxetín dixital 32 /24	1	220	220,00
Caixa autoamplificada 1000W MINIMO 12"	10	50	500,00
Caixa de son dispersión lineal 22,5- 60 Grados 1200W	10	50	500,00
Caixa de son subgrave 2 X 18" 2000W	10	50	500,00
Amplificador dixital 4 X 1800W 4OHM AES	1	75	75,00
Microfonía inalámbrica dixital de diadema, de man e para actuación	8	45	360,00
Micros de cable para amplificación instrumental	4	25	100,00
Distribuidor de prensa 24CH con ganancias independentes	1	50	50,00
Micros de atril 60 cm cápsula cardioide o omnidireccional	1	40	40,00
ILUMINACIÓN			
Foco Fresnel 5KW	5	60	300,00
Foco Fresnel 2KW	10	25	250,00
Foco 650	10	10	100,00
Proxector robotizado Led Wash RGBW 12 X 40 W	12	90	1.080,00
Proxector robotizado mínimo 440W BEAM con CMY	12	110	1.320,00
Proxector robotizado mínimo 1200 W MSD 13°-24°	12	150	1.800,00
Recortes 750W varias lentes 15/30 25/50 Tipo ETC/ADB	10	30	300,00
Mesa de control 4096 parámetros	1	385	385,00
Mesa de control 2048 parámetros	1	180	180,00
Par Led 270 W RGBWAUV 6 EN 1	20	25	500,00
Proxectores LED 36 X 15W	8	60	480,00
Luminaria de 1200 W, sistema CMY de mestura de cor, roda de cor/globo	8	80	640,00
Cableado, trípodes e pequeno material	16	6	96,00
Dimer 24CH 3KW	1	120	120,00
Dimer 12CH 6KW	1	120	120,00
Splitter RDM 10 Saídas	1	40	40,00
Cegadoras LED 4 X 100W	4	50	200,00
Canon de seguimento 2500W HMI 3 a 8 graos	1	325	325,00
Canon de seguimento 1200W 8 a 15	1	135	135,00
Cadro de distribución 400A	1	250	250,00
Cadro de distribución 125A	1	140	140,00
Cadro de distribución 63A	1	75	75,00

Concepto	Unidades	Prezo unitario	TOTAL
VIDEO			
Pantalla LED P 3MM M2	50	240	12.000,00
Procesador LED sen escalador, capacidade de resolución 1920x1200 - 2048x1152 - 2560x960	1	190	190,00
Procesador para pantalla de LEDS 4K	1	675	675,00
Proxector de vídeo 20000 FULL HD ou VIDEO LASER 12000 4K	1	1.500	1.500,00
Software profesional para controlar en directo tanto vídeo como efectos, con ordenador	1	450	450,00
Ordenador portátil mínimo I7"	2	100	200,00
Servidor de vídeo 4K 4 OUTPUT	1	750	750,00
Procesador de vídeo 4K 4 INPUT 4 OUTPUT	1	400	400,00
Monitores 42" previo escenario con cuña	2	150	300,00
Pantalla de tela retro ou frontal 3,25 X 1,83	1	145	145,00
Pantalla de tela retro ou frontal 4,05 X 2,29	1	165	165,00
Pantalla de tela retro ou frontal 6,10 X 3,43	1	325	325,00
Pantalla de tela retro ou frontal 10 X 5,63	1	695	695,00
Fibra óptica 250m con conversor DP 1.2	1	400	400,00
Pasador diapositivas vía wireless	1	125	125,00
Orzamento Base de licitación (sen IVE)			39.411,00
IVE (21%)			8.276,31
Orzamento Base de licitación (con IVE)			47.687,31

O orzamento base de licitación, valor estimado así como as anualidades se indican seguidamente:

LOTE 1	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Orzamento base de licitación (sen IVE)	39.411,00	39.411,00	39.411,00	39.411,00	157.644,00
IVE: 21 % de 39.411,00 euros=8.276,31 euros	8.276,31	8.276,31	8.276,31	8.276,31	33.105,24
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	47.687,31	47.687,31	47.687,31	47.687,31	190.749,24

LOTE 1	Contrato principal (1 ano)	Prórrogas (3 anos)	TOTAL
Orzamento base de licitación (sen IVE)	39.411,00	118.233,00	157.644,00
IVE: 21 % de 39.411,00 euros=8.276,31 euros	8.276,31	24.828,93	33.105,24
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	47.687,31	143.061,93	190.749,24

OITAVO.- A estimación do lote 2realizouse segundo outras licitacións realizadas de semellantes ou iguais características e ase mesmo analizáronse os custos salariais en base aos salarios establecidos no convenio colectivo de aplicación (Sector da Hostalería da provincia de Pontevedra, cod. núm. 36000765011982), que se consideran como importes mínimos, e se incrementaron en base a prezos de mercado de traballos de características similares.

Para a estimación do valor estimado do contrato pártese de investigación realizada a empresas de servizos de catering resultando un prezo medio estimado de 16,50 euros por comensal, polo que o valor estimado e orzamento base de licitación resultaría o seguinte.

	Unidades	Prezo unitario	Total
Servizo de catering	500	16,50	8.250,00
Prórrogas (3)	3	8.250,00	24.750,00
Valor estimado			33.000,00
IVE (10%)			3.300,00
Orzamento Base de licitación (con IVE)			36.300,00

Para a adecuación do cálculo do orzamento base de licitación tivéronse en conta os custos directos e indirectos (custes salariais e outros custes de aplicación directa ao obxecto do contrato) os gastos xerais e o beneficio industrial. Para a estimación da súa desagregación, tivéronse en conta outras licitacións de iguais ou similares características así como os datos estatísticos da Central de Balances do Banco de España relativos á conta de resultados do ano 2017 (último dato dispoñible) da actividade económica de servizos de comidas e bebidas do conxunto de empresas que remiten información a dita Central. O resultado de dita estimación é a seguinte:

	Porcentaxe estimada	Contrato principal (1 ano)	Prórrogas (3 anos)	TOTAL
Consumos e outros custos directos	46,07	3.800,60	11.401,79	15.202,39
Custo de persoal	34,11	2.814,30	8.442,91	11.257,21
Custos Directos	80,18	6.614,90	19.844,70	26.459,60
Gastos xerais	16,43	1.355,30	4.065,89	5.421,19
Beneficio industrial	3,39	279,80	839,41	1.119,21
Orzamento Base de licitación (sen IVE)		8.250,00	24.750,00	33.000,00
IVE (10%)	10	825,00	2.475,00	3.300,00
Orzamento Base de licitación (con IVE)		9.075,00	27.225,00	36.300,00

O orzamento base de licitación, valor estimado así como as anualidades se indican seguidamente:

LOTE 2	2020	2021	2022	2023	TOTAL
Orzamento base de licitación (sen IVE)	8.250,00	8.250,00	8.250,00	8.250,00	33.000,00
IVE: 10% de 8.250,00 euros= 825,00 euros	825,00	825,00	825,00	825,00	3.300,00
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	9.075,00	9.075,00	9.075,00	9.075,00	36.300,00

LOTE 2	Contrato principal (1 ano)	Prórrogas (3 anos)	TOTAL
Orzamento base de licitación (sen IVE)	8.250,00	24.750,00	33.000,00
IVE: 10% de 8.250,00 euros= 825,00 euros	825,00	2.475,00	3.300,00
Orzamento base de licitación (IVE incluído)	9.075,00	27.225,00	36.300,00

NOVENO.- Os pagos realizaranse con cargo ás seguintes aplicacións condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2020 da Deputación de Pontevedra para financiar as obrigas derivadas do contrato, dado que se trata dunha contratación anticipada xa que o gasto que desta contratación deriva comezará a partir da súa formalización ata o 31 de decembro de 2020. A esta mesma condición quedará sometida esta contratación respecto dos exercicios seguintes aos que se estenda a duración deste contrato:

- Lote 1, produción da Gala: os pagos realizaranse con cargo á aplicación 433.4320.227.99 Outros traballos realizados por outras empresas
Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas en función das necesidades e polos servizos e traballos prestados, podendo haber variacións nas mesmas que en todo caso non será superior ao orzamento máximo establecido para esta contratación.
As cantidades son estimadas polo que en función das necesidades solicitarase o servizo. Para a determinación dos distintos elementos levantarase un acta previa a súa produción e execución no que se determina o elemento, unidades e dimensións no seu caso, polo que a empresa adxudicataria facturará soamente polos mesmos e como cantidade máxima a indicada nos prezos unitarios ou na acta se se produciran modificacións que en todo caso non será superior ao orzamento máximo establecido nesta contratación.
- Lote 2, servizo de catering: os pagos realizaranse con cargo á aplicación 433.4320.226.20 Gastos de promoción
Os pagos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas en función das necesidades e polos servizos e traballos prestados. As cantidades son estimadas polo que en función das necesidades solicitarase o servizo

En todo caso, tanto no Lote 1 coma no Lote 2, con cada factura a empresa deberá presentar un informe xustificativo dos traballos realizados.

DÉCIMO.- A duración do contrato comprende desde a formalización ata o 31 de decembro de 2020 prevéndose 3 prórrogas.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Resulta aplicable para a adxudicación do contrato, o procedemento aberto regulado no artigo 156 da LCSP, e tratándose dun contrato que ten por obxecto outros servizos específicos enumerados no anexo IV e o valor estimado é inferior a 750.000 euros non esta suxeito a regularización harmonizada, segundo o artigo 22 da LCSP.

Mediante RP de 1 de agosto de 2019 a Presidenta delega na Deputada Dona Ana Laura Iglesias González atribucións derivadas da tramitación de expedientes de contratos do Servizo de Turismo e mediante RP de 2 de outubro de 2019 delega transitoriamente no Deputado Don Carlos López Font.

A realización deste contrato atopa o seu acomodo legal, ademais, nos seguintes preceptos:

- Artigo 105 da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia que atribúe á Presidencia a competencia para levar a cabo este tipo de contratacións.
- Art. 185 do R.D. Legislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Art. 61 do R.D. 2568/86, do 18 de novembro, en relación ás atribucións do Presidente da Deputación Provincial.
- Arts. 12, 17, 22 e 308 e ss. e Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, do 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.
- Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Base 16ª do orzamento da Deputación de Pontevedra do ano 2019, referente á competencia de autorización e disposición de gastos.

Por todo o anterior,


Solicítase a incoación do oportuno expediente de contratación administrativa relativo á **CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN DA GALA DE TURISMO PARA A PROMOCIÓN DO DESTINO RÍAS BAIXAS**, mediante procedemento aberto regulado no artigo 156 da LCSP.

O orzamento base de licitación establecido para esta contratación fíxase na cantidade máxima de 47.661,00 € mais o 21% e 10% correspondente ao IVE aplicable, respectivamente, ás cantidades de 39.411,00 € e 8.250,00 € sendo a cantidade total de IVE de 9.101,31 €, que fan un total de 56.762,31 €. Ase mesmo, prevese tres prórrogas no contrato polo que o valor estimado do contrato fíxase na cantidade de 190.644,00 €, sen IVE.

O orzamento base de licitación do contrato mediante procedemento aberto regulado no artigo 156 da LCSP, que foi determinado considerando os prezos habituais de mercado

tendo en conta custos de salarios de persoas para a súa execución e analizados os convenios de aplicación, financiaranse con cargo ás aplicacións 433.4320.227.99 Outros traballos realizados por outras empresas (Lote 1) e 433.4320.226.20 Gastos de promoción (Lote 2) condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2020 da Deputación de Pontevedra para financiar as obrigas derivadas do contrato, dado que se trata dunha contratación anticipada xa que o gasto que desta contratación deriva comezará a partir da súa formalización ata o 31 de decembro de 2020. A esta mesma condición quedará sometida esta contratación respecto dos exercicios seguintes aos que se estenda a duración deste contrato.

Pontevedra, 08 de outubro de 2019



Asdo. Ruth González Reyes
Xefa do Servizo de Turismo

Vº e Prace.:



Carlos López Font
O Deputado Delegado

CONTRATACIÓN.-